



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear peóns para o Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2019.

Núm. Admvo. Expte.: 2019/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2019/G003/000528

Mediante resolución de Alcaldía núm. 457/2019, de data 04/06/2019 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral de 5 peóns para o Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña, convocatoria 2019.

Por resolución de Alcaldía núm. 493/2019, de data 21/06/2019 aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización da proba da fase de oposición para o día 24/06/2019, ás 11:00 h.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 24/06/2019 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de 5 postos de peóns do Concello de Laxe, programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2019, na que propón ao sr. Alcalde designar a Ivanno Alexandre Suárez Dios, Antonio Álvarez Valiña, Antonio Joaquin Bello Lema, M^a Luz Castro Rodríguez e Carmen Estrella Gómez Blanco como peóns deste Concello de Laxe, Programa de Integración Laboral, convocatoria 2019.

Unha vez comprobada a documentación presentada polas persoas aspirantes Ivanno Alexandre Suárez Dios, Antonio Álvarez Valiña e Carmen Estrella Gómez Blanco establecida na base undécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Designar a Ivanno Alexandre Suárez Dios e Antonio Álvarez Valiña como peóns do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, durante seis meses dende o 01/07/2019 e ata o 31/12/2019, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial de 35 horas semanais e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Segundo. Designar a Carmen Estrella Gómez Blanco como peón do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña, durante cinco meses dende o 01/07/2019 e ata o 30/11/2019, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial de 35 horas semanais e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Terceiro. Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello e dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde,

Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora

Asdo.: Begoña Carrasco García